

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 8 de outubro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, relativa á publicación de puntuacións definitivas dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do organismo.

A base sexta A) das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que tras a publicación das puntuacións dos exercicios, os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación.

Á vista das reclamacións presentadas en prazo, cada tribunal confirmou as listaxes de puntuacións e o modelo definitivo de respostas, para, de novo, abrir prazo que emende erros na confección aritmética da puntuación, se é o caso.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, polo que procede agora a darlle publicidade, facultándose para iso expresamente a este centro directivo, polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións definitivas dos exercicios da fase de oposición, da citada convocatoria, acadadas polos aspirantes das categorías facultativo/a especialista de área de alergoloxía, facultativo/a especialista de área de análises clínicas, facultativo/a especialista de área de anatomía patolóxica, facultativo/a especialista de área de anesthesioloxía e reanimación, facultativo/a especialista de área de ansioloxía e cirurxía vascular, facultativo/a especialista de área de aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área de cardioloxía, facultativo/a especialista de área de cirurxía cardiovascular, facultativo/a especialista de área de cirurxía oral e maxilofacial, facultativo/a especialista de área de cirurxía pediátrica, facultativo/a especialista de área de cirurxía plástica, estética e reparadora, facultativo/a especialista de área de cirurxía torácica, facultativo/a especialista de área de cirurxía xeral e aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área de dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía, facultativo/a especialista de área de endocrinoloxía e nutrición, facultativo/a especialista de área de farmacia hospitalaria, facultativo/a especialista de área de hematoloxía e hemoterapia, facultativo/a especialista de área de medicina física e rehabilitación, facultativo/a especialista de área de medicina intensiva, facultativo/a especialista de área de medicina interna, facultativo/a especialista

de área de medicina preventiva e saúde pública, facultativo/a especialista de área de microbioloxía e parasitoloxía, facultativo/a especialista de área de nefroloxía, facultativo/a especialista de área de pneumoloxía, facultativo/a especialista de área de neurofisioloxía clínica, facultativo/a especialista de área de neuroloxía, facultativo/a especialista de área de obstetricia e xinecoloxía, facultativo/a especialista de área de oftalmoloxía, facultativo/a especialista de área de oncoloxía médica, facultativo/a especialista de área de oncoloxía radioterápica, facultativo/a especialista de área de otorrinolaringoloxía, facultativo/a especialista de área de pediatria e as súas áreas específicas, facultativo/a especialista de área de psicoloxía clínica, facultativo/a especialista de área de psiquiatría, facultativo/a especialista de área de radiodiagnóstico, facultativo/a especialista de área de radiofísica hospitalaria, facultativo/a especialista de área de reumatoloxía, facultativo/a especialista de área de traumatoloxía e cirurxía ortopédica, facultativo/a especialista de área de uroloxía, facultativo/a especialista de área de xeriatria, farmacéutico/a de atención primaria, médico/a coordinador/a O61, médico/a de familia de atención primaria, médico/a de urxencias hospitalarias, médico/a especialista en medicina do traballo, odontólogo/a de atención primaria e pediatra de atención primaria de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dos procesos selectivos convocados polas diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

A estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderase implícita nesta resolución de publicación.

Segundo.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Resolución do 9 de outubro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fai público o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do organismo.

O número 4 da base sexta da Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG número 40, do 26 de febreiro) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que os

exercicios da fase de oposición se realizarán nun lugar e á hora anunciada no *Diario Oficial de Galicia*, cun mínimo de cinco días hábiles de antelación, polo que, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Convocar os aspirantes admitidos con carácter definitivo na fase de oposición do concurso-oposición para o ingreso nas categorías de carpinteiro/a, celador/a, cociñeiro/a, electricista, enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a), enfermeiro/a especialista en saúde mental, enxeñeiro/a técnico/a, fisioterapeuta, grupo auxiliar da función administrativa, persoal de enfermaría (ATS/DUE), persoal de servizos xerais, pinche, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, terapeuta ocupacional e traballador/a social de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, convocado por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG número 40, do 26 de febreiro) para a realización dos exercicios consonte a seguinte distribución:

Día 7 de novembro de 2009: ás 10.00 horas: técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, electricista, terapeuta ocupacional; ás 16.00 horas: técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría.

Día 8 de novembro de 2009: ás 10.00 horas: pinche, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información; ás 16.00 horas: celador/a.

Día 14 de novembro de 2009: ás 10.00 horas: fisioterapeuta, traballador/a social, carpinteiro/a, enxeñeiro/a técnico/a, enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía (matrón/a), enfermeiro/a especialista en saúde mental; ás 16.00 horas: persoal de enfermaría (ATS/DUE).

Día 15 de novembro de 2009: ás 9.30 horas: grupo auxiliar da función administrativa; ás 13.00 horas: cociñeiro; ás 17.00 horas: persoal de servizos xerais.

Segundo.-Os exercicios realizaranse no recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra).

Os aspirantes terán que ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil ou soportes con memoria, polo tanto, queda prohibido o acceso aos recintos e será causa de inadmisión ao chamamento a mera tenza deles. Advírtese que non haberá servizo de recolla de teléfonos móbiles.

Terceiro.-O chamamento é único polo que se excluírá deste proceso quen non compareza por calquera causa.

De conformidade co establecido no segundo parágrafo do número 4 da base sexta da convocatoria realízanse os diversos exercicios, na mesma data, para a mesma categoría en unidade de acto e de tempo, cambiando a súa orde de realización, se é o caso.

Cuarto.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 2 de outubro de 2009 pola que se nomea catedrática de universidade a María Paloma Morán Martínez.

De conformidade coa proposta elevada pola comisión nomeada para xulgar o concurso de acceso convocado por resolución desta universidade do 15 de xuño de 2009 (BOE do 24 de xuño) e presentada polo concursante proposto a documentación a que fai referencia a base 7ª da convocatoria,

Esta reitoría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 65 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril) e demais disposicións concordantes, resolveu nomear a María Paloma Morán Martínez, con DNI 09378602-F, catedrática de universidade da Universidade de Vigo, da área de coñecemento de xenética, adscrita ao Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía desta universidade.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión pola interesada, que deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no BOE. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na Universidade de Vigo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, segundo o artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 2 de outubro de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo